Ano 1985 NUM. 1

DIARIO DE SESIONS

PARLAMENTO DE GALICIA

II LEXISLATURA

Presidencia do Excmo. Sr. D. Antonio Rosón Pérez

Sesión Constitutiva n.º 1

Celebrada o martes 17 de decembro de 1985

ORDE DO DÍA

1. Comunicaciópolo Oficial Maior dos nomes dos integrantes da Mesa de Idade.
2. Constitución da Mesa de Idade.
3. Elección da Mesa do Parlamento.
4. Constitución da Mesa do Parlamento.

SUMARIO

Comenza a Sesión ás once e un minuto da mañá.

Comunicación polo Oficial Maior dos nomes dos integrantes da Mesa de Idade ..... páx. 4

O señor Oficial Maior do Parlamento Galego (Cólera Leirado) manifestalle á Cámara que o Deputado de maior idade é D. Manuel Iglesias Corral, e os máis novos D. José Federico Nogueira Fernández e D. Antolín Luis Mariano Sánchez Presedo; e rógalles que comparezan na Presidencia a fin de constituí-la Mesa de Idade. (Os señores Iglesias Corral, Nogueira Fernández e Sánchez Presedo pasan a ocupa-los seus postos na Presidencia).

Constitución da Mesa de Idade ..... páx. 4

O señor Presidente da Mesa de Idade (Iglesias Corral) declara aberta a Sesión, e rógalle ó Señor Secretario que dea lectura ó Decreto de Convocatoria e á relación de Deputados electos con indicación dos recursos contencioso-electorais pendentes de resolución. Así o fai o señor Secretario (Nogueira Fernández). A seguir, o señor Presidente da Mesa de Idade (Iglesias Corral) diríxelle á Cámara unhas palabras animando a todos a traballar en favor de Galicia.

Elección da Mesa do Parlamento ..... páx. 6

O señor Presidente da Mesa de Idade (Iglesias Corral) manifestalle á Cámara que se vai proceder á elección do Presidente, Vicepresidentes e Secretarios da Mesa do Parlamento, en votacións separadas, dando as debidas instruccións para as mesmas.

— Elección do Presidente da Mesa:

Efectuada a votación por papeletas, e realizado o escrutinio, obtívose o seguinte resultado: Votos emitidos, 71; D. Antonio Rosón Pérez, 31 votos; D. Antonio Carro-Fernández Valmayor, 22 votos; D. Carlos Mella Villar, 11 votos; D. Angel Fernándo Martínez Randulfe, 3 votos; D. Xosé Manuel Hixinio Beiras Torrado, 1 voto; votos en branco, 3.

Á vista deste resultado, o señor Presidente da Mesa de Idade (Iglesias Corral) explícalle á Cámara que, dado que ningún señor Deputado obtivo a maioría absoluta dos votos, cómpre repeti-la elección entre os señores Rosón Pérez e Carro Fernández-Valmayor, que foron os que acadaron maior número de votos, resultando elixido o qu obteña máis votos nesta segunda votación.

Efectuada esta segunda votación por papeletas, e realizado o escrutinio, deuse o seguinte resultado: Votos emitidos 71; D. Antonio Rosón Pérez 34 votos; D. Antonio Carro Fernández -Valmayor, 33 votos; votos nulos, 3; votos en branco, 1. En consecuencia, queda proclamado o señor Rosón Pérez como Presidente.

— Elección dos Vicepresidentes:

Efectuada a votación, e realizado o escrutinio, obtívose o seguinte resultado: Votos emitidos, 71; D. Tomás Pérez Vidal, 34; D. Francisco González Amadiós, 22; D. Angel Fernando Martínez Randulfe, 3; votos en branco, 12. En consecuencia, queda proclamado Vicepresidente primeiro D. Tomás Pérez Vidal, e Vicepresidente segundo D. Francisco González Amadiós.

— Elección de Secretario e Vicesecretario:

Efectuada a votación, e realizado o escrutinio, obtívose o seguinte resultado: Votos emitidos, 71; D. Manuel Núñez Carreira, 34 votos; D. Pablo Angel Sande García, 22 votos; D. Angel Fernando Martínez Randulfe, 3 votos; votos en branco; 12. En consecuencia, queda proclamado Secretario D. Manuel Núñez Carreira, e Vicesecretario D. Pablo Sande García.

O señor Presidente da Mesa de Idade (Iglesias Corral) rógalle ós señores Rosón Pérez, Pérez Vidal, González Amadiós, Núñez Carreira e Sande García que pasen a ocupa-los seus respectivos cargos na Mesa presidencial.

Constitución da Mesa do Parlamento ..... páx. 7

O señor Presidente (Rosón Pérez) anuncia que se vai proceder ó acto de xuramento ou promesa de acata-la Constitución e o Estatuto de Galicia, recordándolle-la fórmula para o mesmo, e rógalle ó señor Secretario que dea lectura, por orde alfabética, dos nomes dos señores Deputados para que estes emitan o seu xuramento

ou promesa. Tódolos señores Deputados xuraron ou prometeron acata-la Constitución e o Estatuto de Galicia. Conforme ó Regulamento, o primeiro que o fixo foi o señor Presidente da Mesa do Parlamento; despois os demais señores Deputados; e, por último, os demais membros da Mesa.

O señor Presidente pronuncia un breve discurso agradecéndolle á Cámara, no seu nome e no nome dos componentes da Mesa do Parlamento, a confianza depositada neles, ó mesmo tempo que lles agradece ás personalidades invitadas a súa presencia neste acto. Logo sinala os grandes retos cos que se terán que enfrentar nesta II Lexislatura. Finalmente declara constituída a II Lexislatura do Parlamento de Galicia, e levanta a Sesión.

Levántase a Sesión.

Eran ás doce e cincuenta e cinco minutos da mañá.

Comenza a Sesión ás once e un minuto da mañá.

-COMUNICACION POLO OFICIAL MAIOR DOS NOMES DOS INTEGRANTES DA MESA DE IDADE

O señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO GALEGO (Cólera Leirado): Verificadas as declaracións presentadas por cada un dos Deputados proclamados electos, resulta se-lo Deputado electo de maior idade don Manuel Iglesias Corral, e os Deputados electos máis novos os señores don José Federico Nogueira Fernández e don Antolín Luis Mariano Sánchez Presedo.

Rógolles que comparezan na Presidencia a fin de constituí-la Mesa de Idade.

(Os señores Iglesias Corral, Nogueira Fernández e Sánchez Presedo pasan a ocupa-los seus postos na Presidencia).

-CONSTITUCION DA MESA DE IDADE

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Iglesias Corral): Abrese a Sesión. Rógolle ó señor Secretario que dea lectura ó Decreto de Convocatoria e á relación de Deputados electos con indicación dos recursos contencioso-electorais pendentes de resolución.

O Señor SECRETARIO DA MESA DE IDADE (Nogueira Fernández): Decreto 194/1985, do 25 de setembro, polo que se convocan eleccións ó Parlamento de Galicia, artigo 4. A Sesión Constitutiva do Parlamento de Galicia iniciarase o día 17 de decembro de 1985, ás 11 horas.

Relación de Deputados electos. Vistas as actas de proclamación de Deputados electos ó Parlamento de Galicia, expedidas polas Xuntas Electorais Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e a relación de Parlamentarios remitida pola Presidencia da Xunta Electoral de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 38 da Lei Autonómica 8/85, do 13 de agosto, os Deputados electos ó Parlamento de Galicia son os seguintes:

Provincia da Coruña

Don Gerardo Fernández Albor
Don Alejandrino Fernández Barreiro
Don Manuel Iglesias Corral
Don José Luis Ramón Torres Colomer
Don Juan Manuel Pardo Neyra
Don José Antonio Cesáreo Franco Cerdeira
Don José María Hernández Cochón
Don Ramón de Vicente Vázquez
Don Ricardo Pérez Queiruga
Don José Miñones Trillo
Don Fernando Ignacio González Tage
Don Antolín Luis Mariano Sánchez Presedo
Don Xesús Mosquera Sueiro
Don Alfredo Luis Conde Cid
Don José Federico Nogueira Fernández
Don Manuel Couce Pereiro
Don Pablo Angel Sande García
Don Antonio Martín Ramón Campos Romay
Don Pablo González Mariñas
Don Antonio Olives Quintás
Don Antonio Martínez Ameiros
Don Xosé Manuel Hixinio Beiras Torrado

Provincia de Lugo

Don Antonio Rosón Pérez
Don Fernando Garrido Valenzuela
Don Fernando Alfredo Pensado Barbeira
Don Jesús Gayoso Rey
Don Manuel Núñez Carreira
Don Constantino Vila López
Don José Ramón Ocaña García
Don Fernando Carlos Rodríguez Pérez
Don Manuel Ceferino Díaz o Díaz
Don Manuel Guillermo Varela Flores
Don Fernando Martínez González
Don Antonio Edelmiro Gato Soengas
Don Cándido Sánchez Castiñeiras
Don Luis Cordeiro Rodríguez

Don Celestino Torres Rodríguez

Provincia de Ourense

Don Manuel Angel Villanueva Cendón
Don Juan Manuel Corral Pérez
Don Fernando González Suárez
Don Eladio Tesouro Romero
Don Aurelio Domingo Miras Portugal
Don Tomas Pérez Vidal
Don Rafael Valcarce Baiget
Don Manuel Veiga Pombo
Don Javier Suances Pereiro
Don Ramón Félix Blanco Gómez
Don Manuel Blanco Suárez
Don Senén Bermúdez Alvarez
Don José Enrique Rodríguez Peña
Don Santos Oujo Bello
Don José Romero Becerra

Provincia de Pontevedra

Don José Luis Barreiro Rivas
Don Ramón Díaz del Río y Jáudenes
Don Francisco Javier Suárez-Vence Santiso
Don Victor Manuel Vázquez Portomeñe
Dona Emma Rosa González Bermello
Don José Luis Alonso Riego
Don Antonio Sangiao Pumar
Don Pablo Egerique Martínez
Don José Antonio Gago Lorenzo
Don Gonzalo Adrio Barreiro
Don Miguel Barros Puente
Don Francisco González Amadiós
Don José Giráldez Maneiro
Don Antonio Carro Fernández-Valmayor
Don Xulio Xosé Pardellas de Blas
Don José Carlos Mella Villar
Don Pablo Padín Sánchez
Don Camilo Nogueira Román
Don Angel Fernando Martínez Randulfe

E para que conste ós efectos previstos no artigo 4.1 do Regulamento da Cámara, asino a presente, en Santiago de Compostela, a 17 de decembro de 1985.

En cumprimento do disposto no artigo 4.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, dou lectura á comunicación oficial remitida polo Excmo. Sr. Presidente da Audiencia Territorial de Galicia, en relación cos recursos contencioso electorais-interpostos.

Presidente de la Audiencia Territorial A: Participo a V.E. que con el nº 1.481, de 1985, se ha registrado en la Sala Contencioso-Administrativo de esta Audiencia un recurso contencioso-electoral contra la proclamación de candidatos electos, efectuada por la Junta Electoral Provincial de Pontevedra, formulada por el representante provincial de Coalición Popular de Galicia, solicitando declaración de validez de sobres y votos de residentes en el extranjero, procediendo al escrutinio de los mismos, y declaración de validez de votos declarados nulos en varias mesas electorales; y otro recurso contra la misma proclamación formulada por el representante del Partido Socialista Galego-Esquerda Galega, solicitando la nulidad de votos, y en el supuesto de que sea determinante el resultado de la elección que se efectúe la proclamación de nuevos electos.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Iglesias Corral): Señor Presidente da Xunta de Galicia, personalidades e representacións, ben queridos compañeiros: ¿por que e para que estamos aquí? A Nosa Terra espera o sol dunha xusticia creadora, unha débeda sagrada que temos coa terra nai; esta débeda haina que pagar aquí, neste Parlamento, que por sufraxio universal e libre deste pobo ten de se-lo taller para elaborar e forxa-las leis galegas.

Formámo-la guarnición deste pequeno e grande mundo que nos viu nacer. Cómpre traballar tranquilos naquilo que por enriba de todo é noso. Todos xuntos, sen categorías sociais ou intelectuais que nos desfiguren, temos de encontrarnos na condición de abellas dilixentes, solidarios, no mesmo cortizo, no mesmo cobo. Só así a noite poderá ter sol. Obrígano-la terra e a coraxe. A terra coa súa evidencia física suxeridora da súa grandeza; a coraxe esixindo unha incansable superación. A Nosa Terra ten a voz imperativa do comando, e nós o sentimento grandioso da obediencia.

Foinos dada a penas unha vida para cumpri-la tarefa. Temos de sementa--las lombas, de erguer socalcos, de feiza-los trigos, de preserva-las falas, de mante-los usos, de facer parte do consello do pobo; traballar, vivificar, rega-la terra coa suor da frente e, sobre todo, manter na redoma da lembranza viva, como reliquia eternamente a sangrar, a lección do noso pasado, e xurdirá ergueito o sólido edificio dunha realidade colectiva: irmáns nas primaveras e irmáns nos invernos da vida, homes galegos posesos desta obstinación fanática que non existe exorcismo capaz de arrinca-la. Galicia é o noso viático, é a razón íntima da nosa existencia.

Máis nada.

-ELECCION DA MESA DO PARLAMENTO

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Iglesias Corral): Señores Deputados: imos proceder á elección da Mesa do Parlamento en votacións separadas para o Presidente, Vicepresidentes e Secretarios. Lémbrolles ás Súas Señorías que deben escribir un só nome na papeleta e que o chamamento se efectuará por orde alfabética.

(Distribúense as papeletas).

Comenza a votación. (Pausa).

(O señor Secretario da Mesa de Idade, Nogueira Fernández, le a relación dos señores Deputados por orde alfabética, que van depositando o seu voto na urna).

Rematada a votación e realizado o escrutinio, dixo

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Iglesias Corral): O resultado da votación é o seguinte: D. Antonio Rosón Pérez, 31 votos; D. Antonio Carro Fernández-Valmayor, 22 votos; D. Carlos Mella Villar, 11 votos; D. Angel Fernando Martínez Ramulte, 3 votos; D. Xosé Manuel Hixinio Beiras Torrado, 1 voto; votos en branco 3.

Dado que ningún Deputado obtivo a maioría absoluta procedemos a repeti-la elección, que terá lugar entre os candidatos que tiveron máis votos, que son o señor Rosón e o señor Carro.

Procédese á segunda votación. (Distribúense as papeletas).

Comenza a votación. (Pausa).

(O señor Secretario da Mesa de Idade, Nogueira Fernández, le a relación dos señores Deputados que van depositando o seu voto na urna).

Rematada a votación e realizado o escrutinio, dixo

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Iglesias Corral): Votos emitidos, 71. D. Antonio Rosón Pérez, 34 votos; D. Antonio Carro Fernández-Valmayor, 33 votos; votos nulos, 3; votos en branco, 1.

Por conseguinte, proclámase ó señor Rosón Pérez como Presidente.

(Aplausos).

Seguidamente vaise proceder á elección de dous Vicepresidentes. Recórdolles que teñen que pór un só nome en cada papeleta, resultando elixidos os dous Deputados que teñan maior número de votos. (Distribúense as papeletas).

Comenza a votación. (Pausa).

(O señor Secretario da Mesa de Idade, Nogueira Fernández, le a relación dos señores Deputados que van depositando o seu voto na urna).

Rematada a votación e realizado o escrutinio, dixo

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Iglesias Corral): O resulta-

do da votación é o seguinte: Votos emitidos, 71; D. Tomás Pérez Vidal, 34 votos; D. Francisco González Amadiós, 22; D. Angel Fernando Martínez Randulfe, 3; votos en branco, 12.

Por conseguinte, proclámase como Vicepresidente primeiro D. Tomás Pérez Vidal, e como Vicepresidente segundo D. Francisco González Amadiós. (Aplausos).

A continuación vaise proceder á elección de Secretario e Vicesecretario, escribindo un só nome na papeleta.

(Distribúense as papeletas).

Comenza a votación. (Pausa).

(O señor Secretario da Mesa de Idade, Nogueira Fernández, le a relación dos señores Deputados que van depositando o seu voto na urna).

Rematada a votación e realizado o escrutinio, dixo:

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Iglesias Corral): O resultado da votación é o seguinte: Votos emitidos, 71; D. Manuel Núñez Carreira, 34 votos; D. Pablo Sande García, 22 votos; D. Angel Fernando Martínez Randulfe, 3; votos en branco, 12.

Por conseguinte, queda proclamado Secretario D. Manuel Núñez Carreira, e Vicesecretario D. Pablo Sande García.

(Aplausos).

Para rematar, deoo darlles conta de como queda constituída a Mesa deste Parlamento:

Presidente: Don Antonio Rosón Pérez.

Vicepresidente Primeiro: Don Tomás Pérez Vidal.

Vicepresidente Segundo: Don Francisco González Amadiós.

Secretario: Don Manuel Núñez Carreira.

Vicesecretario: Don Pablo Sande García.

Rógolles que veñan tomar posesión dos cargos para os que os elixiron.

(Os señores Rosón Pérez, Pérez Vidal, González Amadiós, Núñez Carreira e Sande García pasan a ocupa-los seus respectivos cargos na mesa presidencial).

-CONSTITUCION DA MESA DO PARLAMENTO

O señor PRESIDENTE (Rosón Pérez): Señorías, continuando a Sesión, imos proceder ó acto do xuramento ou promesa de acata-la Constitución e o Estatuto de Galicia. Recórdolles que deben respeta-la fórmula: "Xuro ou prometo acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia", respostando "si xuro" ou "si prometo". E seguindo a normativa do Regulamento, o primeiro que presta xuramento é o Presidente elixido.

Xuro acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia.

Rógolle ó señor Secretario que efectúe o chamamento, por orde alfabética, dos señores Deputados.

Dirixíndome a todos, pregúntolles: "¿Xurades ou prometedes acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?".

ADRIO BARREIRO, Gonzalo: Si, prometo.

ALONSO RIEGO, José Luis: Si, juro.

BARREIRO RIVAS, José Luis: Si, xuro.

BARROS PUENTE, Miguel: Si, prometo.

BEIRAS TORRADO, Xosé Manuel Hixinio: Si, prometo.

Xuro pola memoria de Castelao defender en calquera trance os dereitos e liberdades democráticas e nacionais do pobo galego.

BERNARDEZ ALVAREZ, Senén: Si, prometo.

BLANCO GOMEZ, Ramón Félix: Si, prometo.

BLANCO SUAREZ, Manuel: Si, prometo.

CAMPOS ROMAY, Antonio Martín Ramón: Si, prometo.

CARRO FERNANDEZ-VALMAYOR, Antonio: Si, prometo.

COCIÑA GARCIA, José Ramón: Si, xuro.

CONDE CID, Alfredo Luis: Si, prometo.

CORDEIRO RODRIGUEZ, Luis: Si, prometo.

CORRAL PEREZ, Juan Manuel: Si, xuro.

COUCE PEREIRO, Manuel: Si, prometo.

DIAZ DEL RIO Y JAUDENES, Ramón: Si, xuro.

DIAZ E DIAZ, Manuel Ceferino: Si, prometo.

EGERIQUE MARTINEZ, Pablo: Sí, xuro.

FERNANDEZ ALBOR, Gerardo: Si, xuro.

FERNANDEZ BARREIRO, Alejandrino: Si, xuro.

FRANCO CERDEIRA, José Antonio Cesáreo: Si, prometo.

GAGO LORENZO, José Antonio: Si, xuro.

GARRIDO VALENZUELA, Fernando: Si, xuro.

GATO SOENGAS, Antonio Edelmiro: Si, prometo.

GAYOSO REY, Jesús: Si, xuro.

GIRALDEZ MANEIRO, José: Si, prometo.

GONZALEZ BERMELLO, Emma Rosa: Si, xuro.

GONZALEZ LAGE, Fernando Ignacio: Si, xuro.

GONZALEZ MARIÑAS, Pablo: Si, prometo.

GONZALEZ SUAREZ, Fernando: Si, xuro.

HERNANDEZ COCHON, José María: Si, xuro.

IGLESIAS CORRAL, Manuel: Si, xuro.

MARTINEZ ANEIROS, Antonio: Prometo.

MARTINEZ GONZALEZ, Fernando: Si, prometo.

MARTINEZ RANDULFE, Angel Fernando: Prometo.

MELLA VILLAR, José Carlos: Si, prometo.

MIÑONES TRILLO, José: Si, prometo.

MIRAS PORTUGAL, Aurelio Domingo: Si, prometo.

MOSQUERA SUEIRO, Xesús: Si, prometo.

NOGUEIRA FERNANDEZ, José Federico: Si, prometo.

NOGUEIRA ROMAN, Camilo: Prometo.

OLIVES QUINTAS, Antonio: Si,

prometo.

OUJO BELLO, Santos: Si, prometo.

PADIN SANCHEZ, Pablo: Si, xuro.

PARAMO NEYRA, Juan Manuel: Si, prometo.

PARDELLAS DE BLAS, Xulio Xosé: Si, prometo.

PENSADO BARBEIRA, Fernando Alfredo: Si, xuro.

PEREZ QUEIRUGA, Ricardo: Si, xuro.

RODRIGUEZ PEÑA, José Enrique: Si, prometo.

RODRIGUEZ PEREZ, Fernando Carlos: Si, xuro.

ROMERO BECERRA, José: Si, xuro.

SANCHEZ CASTIÑEIRAS, Cándido: Si, prometo.

SANCHEZ PRESEDO, Antolín Luis Mariano: Si, prometo.

SANGIAO PUMAR, Antonio: Xuro.

SUANCES PEREIRO, Francisco Javier: Si, prometo.

SUAREZ-VENCE SANTISO, Francisco Javier: Si, xuro.

TESOURO ROMERO, Eladio: Si, xuro.

TORRES COLOMER, José Luis Ramón: Si, xuro.

TORRES RODRIGUEZ, Celestino: Si, xuro.

VALCARCE BAIGET, Rafael: Si, prometo.

VARELA FLORES, Manuel Guillermo: Si, prometo.

VAZQUEZ PORTOMEÑE, Victor Manuel: Si, xuro.

VEIGA POMBO, Manuel: Si, prometo.

DE VICENTE VAZQUEZ, Ramón: Si, prometo.

VILA LOPEZ, Constantino: Si, xuro.

VILLANUEVA CENDON, Manuel Angel: Si, xuro.

SANDE GARCIA, Pablo Angel: Si, prometo.

PEREZ VIDAL, Tomás: Si, xuro.

GONZALEZ ANADIOS, Francisco: Si, prometo.

NUÑEZ CARREIRA, Manuel: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE (Rosón Pérez): Señorías, Excelentísimos señores, señoras e señores:

No meu propio nome e dos componentes da Mesa do Parlamento, agradézolles ós señores Deputados a confianza que en nós depositan, e ás personalidades invitadas a súa presencia neste acto.

E indubidable que a elección da Mesa do Parlamento é un acto transcendente, como primeira afirmación da autonomía da Cámara frente a outros poderes, e garantía, polo tanto, da súa independencia.

Para reforzalas aínda máis o noso Regulamento concebiu a dirección da Cámara cun carácter marcadamente colexiado, e as funcións que asumo como Presidente están afortunadamente limitadas polo mesmo. A experiencia adquirida, sen embargo, aconsella -e eu fago o firme propósito de respetalos- ter presentes algúns usos parlamentarios que concilien os recoñecidos dereitos da maioría cos indiscutibles das minorías. Non me cabe a menor dúbida de que o noso traballo parlamentario será máis rico e perdurable se a dirección da Cámara se orienta pola vía da tolerancia, da flexibilidade na aplicación do Re-

gulamento e alomenos polo que respecta á Presidencia na máis estricta neutralidade.

A II Lexislatura do Parlamento comenza hoxe a súa vida arroupada por tres realidades que deben facela especialmente feraz para Galicia: En primeiro lugar, a maior participación electoral non só amosa un cambio nas actitudes do pobo galego, que comenza a deixar de sentir desapego e rexeitamento pola política, senón que lexitima e afianza a posición institucional do Parlamento, recoñecido como foro aberto ás realidades e inquedanzas de Galicia.

Por outra banda, o labor da I Lexislatura supón ademais un caudal de experiencia que, de seguro, nos permitirá exerce-las funcións lexislativa e de control do Goberno con maior efectividade.

Por último, Galicia ten xa, ou terá axiña, a maioría das súas institucións conformadas, constituídas e, nalgúns casos, plenamente consolidadas.

Destes tres datos esenciais vanse deriva-las nosas esperanzas coa responsabilidade que temos diante dos retos que, abusando das Súas Señorías, me permito enunciar moi estrictamente:

O primeiro, propiamente galego, é o deseño dun modelo territorial acorde co particular sistema de asentamento da poboación galega.

O segundo, coidar que os cambios de criterio da política autonómica non provoquen un retroceso inxustificado do noso autogoberno por mor dunha uniformidade descoñecedora das singularidades de Galicia.

O terceiro, afrontar sen derrotismo o impacto que supón para Galicia o ingreso de España na Comunidade Económica Europea mobilizando os nosos indiscutibles recursos humanos e materiais.

E o último, se cadra o máis importante, afondar no proceso de aproximación entre o Parlamento e os cidadáns galegos de tal xeito que o noso traballo faga que se sintan mellor representados.

Eu fago votos, sen dúbida recollendo o sentir das Súas Señorías, para que ó remata-la Lexislatura o balance do noso traballo convenza aínda máis ó noso pobo de que aquí estamos para servilo.

Moitas gracias.

Declárase constituída a II Lexislatura do Parlamento de Galicia, e levántase a Sesión. (Aplausos).

Levántase a Sesión.

Eran as doce e cincuenta e cinco minutos da mañá.